

Reunidos en A Coruña o 14 de xaneiro de 2019, ás 13:00 horas, o xurado dos Premios UDC Deportes decidiu por unanimidade outorgar este premio que se organiza por décima vez a D. Juan Carlos Suárez Castelo, en recoñecemento ao seu labor na tecnificación deportiva en alto rendemento de voleibol.

O xurado, formado pola vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López, o responsable de deportes de La Voz de Galicia, Paulo Alonso, o xefe de deportes de Diario de Ferrol, Juan Quijano, o xornalista de Radio Galega, Javier Torres, o director de deportes da Universidade da Coruña, Juan Fernández, o coordinador da área de deportes da UDC, Manuel Moya, e a xefa de comunicación da UDC, María Ares, valorou na súa decisión, a súa traxectoria profesional e éxitos acadados como adestrador de voleibol.

Juan Carlos Suárez (Charly), formouse na Facultade en Ciencias do Deporte e Educación Física da Universidade da Coruña licenciándose no ano 2005.

Ademais de diversos méritos académicos como doctorando e dous masters en alto rendemento deportivo, desenvolveu faceta investigadora na Unidade de Investigación e Análisis en Deportes de Equipo.

Foi adestrador e preparador físico de varios equipos galegos dende o ano 2004, resaltando os éxitos acadados nos equipos de superliga feminina do Voleibol Ribeira Sacra e mais recentemente Voleibol Dumbría masculino.

Na temporada 2017-18 ficha polo Club Voleibol San Sadurniño levando ó equipo a proclamarse campión da categoría e conseguindo o ascenso á superliga nacional. Fito histórico para un club de longa traxectoria e arraigo deste deporte nunha localidade de menos de 3.000 habitantes, e como único representante galego na máxima categoría do voleibol español

Ademais, compatibiliza cargos como Director Técnico da Federación Galega de Voleibol e seleccionador infantil feminino dende 2015, e adestrador asistente da Selección Española Sub 20 masculina en varios torneos europeos.

Juan Carlos Suárez (Charly) é un exemplo da profesionalidade para os técnicos deportivos licenciados en ciencias da actividade física e deportes, e da transferencia de coñecemento entre a Universidade e o deporte de alto rendemento.

Para que conste, asinamos esta acta ás 15:00 horas do 14 de xaneiro de 2019.